

1.1. Equipamento EDIXGAL: O software dos equipos

O software (maqueta) EDIXGAL



Os equipos EDIXGAL para o alumnado e o profesorado distribúense cunha maqueta (sistema operativo + aplicacións instaladas) plenamente funcional e adaptada ás necesidades do proxecto, baseada nun sistema operativo [GNU/Linux Debian](#), que se actualiza dun xeito centralizado e transparente para o usuario desde AMTEGA a través dos servidores Abalar de centro e a [WiFi](#) Abalar instalada en todos os centros educativos participantes no proxecto.

Esta situación presenta a vantaxe da uniformidade da maqueta en todas as aulas EDIXGAL de todos os centros educativos de Galicia desde 5º de primaria ata 2º E.S.O.

Ademáis, tamén é posible instalar unha versión similar desta maqueta en calquera outro ordenador.



Calquera outro equipo informático do usuario pode dispoñer tamén dunha versión similar desta maqueta.

Poñemos a disposición de todos os usuarios unha versión libre (ímaxe libre) desta maqueta que pode ser descargada desde o espazo "Maqueta Abalar Libre", de *EspazoAbalar*.

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazo/maqueta-abalar-libre>

Neste portal adicado á *maqueta Abalar libre* podemos atopar tamén as instrucións e a axuda necesaria para a creación de sistemas de arranque “[live](#)” desde un dispositivo externo (sen necesidade de instalación) con esta maqueta, así como tamén os manuais de instalación e actualización.

Cal é exactamente a distribución do sistema operativo [GNU/Linux](#)

Para coñecer exactamente a distribución e versión do sistema operativo instalado abriremos un emulador de terminal:

Menú de aplicativos --> Emulador de terminal

Abrirase unha ventá onde poderemos escribir comandos do sistema operativo.

```
Terminal - usuario@abalar6: ~
Ficheiro  Editar  Ver  Terminal  Tabs  Axuda

_,met$$$$$gg.
,g$$$$$$$$$$$$$P.
,g$P"" ""Y$.
,$$P'
,$$P' ,ggs. $$b:
`d$$' ,,$P"" . $$$
$$P d$' . $$P
$$: $$ - ,d$$'
Y$; Y$b. _ ,d$P'
Y$. . "Y$$$$P"
`$$b "._
`Y$$
`Y$.
`$$b.
`Y$b.
`"Y$b.
`""

usuario@abalar6
OS: Debian 8.7 jessie
Kernel: i686 Linux 4.9.0-0.bpo.2-686-pae
Uptime: 1m
Packages: 2476
Shell: bash 4.3.30
Resolution: 1600x900
WM: Xfwm4
WM Theme: Default
GTK Theme: Not Found [GTK2], Not Found [GTK3]
Icon Theme: Not Found
Font: Not Found
CPU: Intel Core i3-2350M CPU @ 2.3GHz
RAM: 197MB / 3882MB

usuario@abalar6:~$
```

Na imaxe anterior podemos observar, entre outra, a seguinte información relevante:

- A versión do sistema operativo: Debian 8.7 jessie
- [Kernel](#) i686: o que implica que se trata dun sistema operativo de 32 bits (se fose de 64 bits devolvería x86_64).

Coñecer se a arquitectura do sistema operativo é de 32 ou 64 bits é importante á hora de instalar novo software ou de actualizar o existente.

Sabías que ...?

O nome ten a súa orixe na combinación dos nomes do fundador orixinal do proxecto Debian, Ian Murdock, e a súa esposa Deborah.

Deborah + Ian = Debian

Os nome claves das distintas edicións e distribucións de Debian son nomes das personaxes do filme de animación 3D "Toy Story". O sucesor de Ian Murdock no proxecto Debian foi Bruce Perens, que naquel momento estaba traballando en Pixar (productora de Toy Story) e decidiu poñerlle o nome de Buzz á primeira versión de Debian que se lanzou con él como responsable do proxecto.

Desde entón continúa esta tradición.



Buzz 1.1
1996



Rex 1.2
1996



Bo 1.3
1997



Hamm 2.0
1998



Slink 2.1
1999



Potato 2.2
2000



Woody 3.0
2002



Sarge 3.1
2005



Etch 4.0
2007



Lenny 5.0
2009



Squeeze 6.0
2011



Wheezy 7.0
2013



Jessie 8.0
2015

Stretch 9.0
2017?



Buster 10.0
2019?

1.2. O espazo "Linux Maqueta Abalar Libre"

O espazo "Linux Maqueta Abalar Libre"



EspazoAbalar: Maqueta Abalar Libre

Un dos *espazos* do portal **EspazoAbalar** está adicado á Maqueta Abalar Libre.

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazo/maqueta-abalar-libre>

Desde este *espazo* podemos descargar unha imaxe ".iso" da Maqueta Abalar libre, que nos permitirá instalar no noso ordenador o mesmo sistema operativo e as mesmas aplicacións que están instaladas por defecto nos equipos que se lles entregan aos usuarios do proxecto EDIXGAL.

Esta maqueta libre permítenos, ademáis, realizar cambios na configuración e instalar novas aplicacións (as que decida o propio usuario), polo que as vantaxes de instalar esta maqueta no noso ordenador son evidentes.

O portal "**Maqueta Abalar Libre**" presenta o seguinte aspecto:



Contidos orientados

Alumnado e
FamiliasCentros e
Profesorado

Prensa

Linux



Maqueta Abalar Libre

Acceso aos
servizos**Introdución**

Novas de actualidade

Descarga de versións

Documentación

Actualizador Abalar

Maqueta Abalar Libre

Con esta distribución da **Maqueta Abalar Libre** (sistema operativo + aplicacións xa instaladas) preténdese extender e dar continuidade á maqueta que inicialmente estaba destinada aos equipos informáticos das aulas do proxecto Abalar e actualmente tamén aos equipos informáticos do proxecto e-DIXGAL, coa intención de facilitar a instalación do mesmo sistema operativo e as mesmas aplicacións en calquera dos equipos dos centros educativos de Galicia e/ou en calquera ordenador persoal do usuario.

Esta maqueta Abalar libre presenta, entre outras, as seguintes vantaxes:

- **Un sistema operativo lixeiro e rápido.**
Dado que os requirimentos de hardware para correr esta maqueta son moito menos esixentes que os equivalentes en sistemas operativos Windows, moitos equipos antigos que aínda tiñan instalados sistemas operativos obsoletos como Windows XP poderán volver a ser plenamente funcionais despois da instalación desta maqueta.
- **Libre e gratuito.**
Desaparece a problemática das licenzas de uso e instalación tanto para os sistemas operativos como para as aplicacións, xa que toda a maqueta está construída con software libre e gratuito.
- **Un sistema operativo seguro.**
Deixan de ser unha preocupación os habituais problemas causados polos virus informáticos e o malware tan típicos dos sistemas operativos Windows.
- **Robusto e fiable.**
A gran robustez e fiabilidade do sistema operativo Debian facilita en gran medida o seu mantemento e actualización.
- **Facilidade de actualización.**
Como complemento a esta maqueta Abalar libre, ofrécese tamén a posibilidade de que o usuario instale o Actualizador Abalar que facilita en gran medida o mantemento do equipo mediante unha actualización desatendida dun gran número de aplicacións integradas na maqueta.

Buscador

Buscar neste sitio:

Busca avanzada >

XUNTA
DE GALICIA© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet por Xunta de Galicia
Oficina de Registro Único en Información | Suxestións e queixas | Aviso legal | Atendémolo/aPode suscribirse ás novidades desta web
cun lector de feeds

Este portal está constituído por varias seccións de contido nas que podemos atopar as últimas versións da maqueta abalar libre, así como tamén numerosa información e documentación que nos pode resultar de moita axuda á hora de instalar esta maqueta e traballar con ela.

Novas de actualidade

Neste apartado podemos consultar aquelas novas que se consideran de interese, relacionadas coa propia maqueta abalar libre ou con algunha das versións das aplicacións que incorpora.

Descarga de versións

Desde aquí podemos descargar calquera das últimas versións estables da maqueta abalar libre:

- Última versión estable 32 bits
- Última versión estable 64 bits
- Versións específicas da maqueta abalar libre para o equipamento EDIXGAL

Documentación

Nesta sección podemos atopar diversa información e documentación sobre os procedementos a realizar para a creación dun dispositivo de arranque coa maqueta abalar libre, así como tamén detallado manual de instalación da propia maqueta.

Actualizador Abalar

Baseándose na idea de xestión centralizada na administración de software do [Proxecto Abalar](#)/Edixgal, e en iniciativas como Expansión Abalar, que permite levar a maqueta Abalar a un gran número de equipamento corporativo dos centros educativos Abalar fóra das aulas Abalar, agora preténdese chegar máis lonxe: a administración do software de calquera equipo informático que dispoña da distribución libre Abalar.

1.3. Instalación do "Actualizador Abalar"

Instalación do "Actualizador Abalar"



Que é o actualizador Abalar

O actualizador Abalar é unha pequena aplicación que se pode instalar na maqueta Abalar libre, e que facilita o mantemento do equipamento mediante unha actualización desatendida dun gran número de aplicacións integradas na maqueta.

O proceso de actualización é moi lixeiro, non sobrecarga o funcionamento do equipo e tampouco sobrecarga a rede.

Descarga e instalación


A descarga está accesible desde a sección "[Actualizador Abalar](#)" do espazo "[Maqueta Abalar Libre](#)"

NOTA: Comproba sempre que estás descargando a versión estable máis recente.


Despois da descarga teremos un ficheiro .deb que podemos actualizar dun xeito moi sinxelo seguindo os pasos indicados nas seguintes imaxes.



O instalador de paquetes **GDebi** presenta o seguinte diálogo, no que deberemos pulsar o botón "**Instalar paquete**" para que comence a instalación.




Despois de rematada a instalación aparecerá no menú "**Sistema**" un novo aplicativo chamado "**Actualizador Abalar**"




Funcionamento

Ao premer neste novo aplicativo, indicaranos nunha nova xanela a advertencia de que se vai a actualizar o software do equipo.




Unha vez aceptada a pregunta anterior o aplicativo empezará a traballar indicando:

1. Nun terminal irán pasando unha serie de liñas de texto como resultado do log do proceso de actualización.
2. Ventana coa barra de progreso que vai indicando que o proceso se está realizando correctamente.



Tras rematar a actualización do equipo, aparecerá unha nova xanela onde se informa de que o proceso rematou, xunto co tempo que se invertiu no proceso.



Este actualizador **tamén funciona de forma autónoma**, de maneira que cada 30 días actualiza de forma automática as aplicacións sen necesidade de ningunha intervención por parte do usuario.

1.4. Instalación da aplicación "EVA Offline"

Instalación da aplicación "EVA Offline"



Instalar o aplicativo EvaOffline

O aplicativo EVA Offline poder ser instalado en calquera equipo que dispoña dun sistema operativo Linux, polo que neste apartado veremos o procedemento para a súa instalación na maqueta Abalar libre.

En primeiro lugar, temos que entrar no EVA (<https://eva.edu.xunta.es>) identificándonos coas nosas credenciais corporativas (nome de usuario e contrasinal).

Unha vez que accedemos ao EVA, podemos ver que na páxina principal (na columna dereita de bloques) o EVA móstranos que temos dispoñible para descargar o aplicativo **EvaOffline para Linux**. Pulsaremos no enlace "Versión Linux" para descargar o paquete.

Noticias do sitio

[Cancelar a subscripción a este foro](#)**[16/10/2018] Actualización de contidos de Netex**

Martes, 16 de Outubro do 2018, 12:55

[05/10/2018] Actualización de contidos de Netex

Martes, 16 de Outubro do 2018, 12:54

Contidos Lingua Galega e Literatura aulaPlaneta

Venres, 28 de Setembro do 2018, 14:37

[Temas máis antigos ...](#)

Ficheiros privados do usuario

Menú principal

Descargar Offline

 Versión linux

Outras versións dispoñibles

**IMPORTANTE:**

No caso de que accedas a esta páxina desde un ordenador cun **sistema operativo distinto a Linux**, o bloque de descarga mostrará a seguinte mensaxe onde se nos informa de que **non existe unha versión dispoñible para o teu sistema operativo**.


Descargar Offline

Non existe unha versión dispoñible para o teu sistema operativo, podes comprobar as outras versións dispoñibles

[Outras versións dispoñibles](#)

Despois de descargar o paquete (normalmente quedará almacenado no cartafol "Descargas"), pulsamos co botón dereito do rato sobre él e seleccionamos a opción "**Extraer aquí**".


Este proceso descomprimirá o paquete e mostrará os ficheiros que contén.



Despois de rematar a descompresión podemos comprobar que aparecen **5 novos ficheiros** (ademáis do paquete que descargamos antes), que son os seguintes:


- **evaoffline-edixgal-v.2.0.6.r2-linux32.deb** : Paquete de instalación **EvaOffline** para sistemas linux de 32 bits
- **evaoffline-edixgal-v.2.0.6.r2-linux64.deb** : Paquete de instalación **EvaOffline** para sistemas linux de 64 bits
- **smartClassroom_0.21.4.i386.abalar.deb** : Paquete de instalación **SmartClassroom** para sistemas linux de 32 bits

- **smartClassroom_0.21.4.amd64.abalar.deb** : Paquete de instalación **SmartClassroom** para sistemas linux de 64 bits
- **instalarEVAOffline_gl_v3.0.odt** : **Instrucciones de instalación** dos paquetes descargados.




A continuación podemos seguir as **instrucciones de instalación** contidas na manual de instalación que acompaña aos ficheiros descargados.

Se o desexamos, tamén podemos pulsar co botón dereito sobre o paquete que desexamos instalar e realizar a instalación co aplicativo GDebi.



Finalmente, despois de rematar a instalación, o aplicativo Eva Offline queda instalado no menú "**Menú de aplicativos - Educación - Eva Offline**" do nos ordenador.



1.5. Instalación da aplicación "SmartClassroom" (Netex)

Instalación da aplicación "SmartClassroom" (Netex)




Instalador do aplicativo SmartClassroom

A instalación deste aplicativo no equipo permite a activación dun novo protocolo que se executará na aplicación "**EVA Offline**" e que permite o correcto funcionamento en modo "offline" dos contidos e actividades de tipo Smart de Netex.

Igual que no caso da instalación do "**Eva Offline**" podemos seguir as instrucións contidas no **manual de instalación** que acompaña ao ficheiro de descarga (ver o apartado anterior) ou, se o desexamos, podemos lanzar a instalación pulsando co botón dereito do rato sobre o ficheiro (o de 32 bits ou o de 64 bits, según os casos) e seleccionando a opción "**Abrir con Instalador de paquetes GDebi**".

O ficheiro comprimido que descargamos antes (instalador de EvaOffline) inclúe os 2 paquetes de instalación de SmartClassroom (ver o apartado anterior).

- **smartClassroom_0.21.4.i386.abalar.deb** : Paquete de instalación SmartClassroom para sistemas linux de 32 bits
- **smartClassroom_0.21.4.amd64.abalar.deb** : Paquete de instalación SmartClassroom para sistemas linux de 64 bits



Despois de finalizada a instalación non se crea ningún novo menú, ningunha nova entrada de menú e ningún acceso directo dentro dos menús existentes, xa que neste caso trátase da instalación de novos protocolos de execución para a aplicación "**EVA Offline**".

Estes novos protocolos son imprescindibles para que os contidos de SmartClassroom (Netex) funcionen correctamente con EVA Offline.

1.6. Acceso a EVAOffline na maqueta Abalar libre

Acceso a EVAOffline na maqueta Abalar libre



Introdución


EVA Offline resulta unha ferramenta moi útil cando non se ten a posibilidade de conectar a internet, permitindo acceder aos contidos sen conectividade.

Os dispositivos EDIXGAL, tanto de profesor como de alumno, xa dispoñen da aplicación instalada no menú "Educación" do propio equipo EDIXGAL e na "Maqueta Abalar Libre" a instalación realízase exactamente no mesmo menú.

A continuación explicárase como enlazar o aplicativo **EVA Offline** instalado na *maqueta Abalar libre* coa aplicación **EVA Online** e como acceder e/ou descargar os contidos dos libros dixitais para poder traballar con eles cando non hai conexión a internet.


Acceso á aplicación

Para comenzar a utilizar EVA Offline só hai que facer clic sobre o menú da aplicación, que poderemos atopar desplegando previamente o menú "**Educación**".




A primeira vez que se accede, é necesario activar a ferramenta e deberase estar conectado a internet.

Facemos clic en "**Engadir**" para identificarnos co noso "nome de usuario" e "contrasinal".



A continuación introducimos as nosas credenciais ("nome de usuario" e "contrasinal") para que **EVA-Offline** conecte coa plataforma on-line e sincronice os primeiros datos: curso nos que estamos matriculados, asignaturas, ...




Cando iniciamos sesión en **EVA Offline** podemos comprobar que na parte esquerda da pantalla móstrase o noso nome e noso avatar (imaxe persoal) no caso de que o introducíamos anteriormente na plataforma online. Ademáis tamén vemos que no menú lateral temos acceso ás materias nas que estamos matriculados, así como á zona de mensaxería e eventos de calendario.

Nesta primeira pantalla do **EVA Offline** é importante fixarse no indicador de conexión que aparece na parte superior dereita da pantalla:

 = Indica que actualmente EVA Offline está conectado

 = Indica que actualmente EVA Offline está desconectado

Este elemento permite **interacción por parte do usuario**, de maneira que cando o usuario pulsa sobre o botón  iníciase un chequeo e unha actualización do estado da rede. Se non se detecta conectividade na rede, o botón cambia a . Do mesmo xeito, se pulsamos sobre este botón cando está en cor vermella, iniciará novamente unha actualización do estado da rede mostrando "verde" ou "vermello" en función da conectividade da rede.



2.1. Como engadir un recurso de aulaPLANETA

Como engadir un recurso de aulaPLANETA



Como engadir un recurso de aulaPLANETA

Un dos elementos que aporta aulaPlaneta é o "recurso" , sen estar necesariamente incluído en ningún dos cadernos do profesor ou do alumno.

Estes recursos, identificados co símbolo  ou tamén chamados "media", consisten nunha gran variedade de actividades, propostas didácticas e recursos propiamente ditos, que che poden servir de axuda para complementar os distintos temas das asignaturas.

En xeral, aulaPlaneta ofrece os seguintes 3 tipos de contidos:



Caderno de estudo (podemos consideralo como "libro de texto")



Caderno do profesor




Recurso


Os tipos de recursos  que podemos atopar son os seguintes:

- Recursos expositivos/activos
- Audiovisuais
- Audios
- Secuencias de imaxes
- Animacións
- Simulacións
- Mapas conceptuais
- Actividades autocorrexibles
- Actividades abertas
- Actividades colaborativas
- Proxectos disciplinares
- Banco de actividades
- Banco de actividades de resposta aberta
- Recursos de avaliación


1. Unha vez que accedemos ao EVA, seleccionamos a materia na que imos publicar o contido. A continuación pulsamos sobre o botón "**Activar edición**" que atoparemos na parte superior dereita da pantalla.



A continuación pulsa sobre o enlace "**Engadir unha actividade ou un recurso**" no tema onde queiras engadir este novo recurso.



2. A continuación fai clic (selecciona) sobre o tipo de recurso aulaPlaneta identificado so símbolo 



3. Despois de seleccionar o tipo de recurso aulaPlaneta, aparece o buscador de recursos de aulaPlaneta no que teremos que seleccionar o curso (clase) e a materia para os que queremos realizar a busca.

The screenshot shows the 'Engadindo un novo aulaPlaneta a Tema 1' interface. At the top, there's a search bar labeled 'Buscar temas'. Below it, a section titled 'Resultados de procura' contains filters for 'Clase' (set to '5º Primaria'), 'Materia' (set to 'Ciencias da natureza'), 'Competencia' (set to 'todas'), 'Subcompetencia' (set to 'todas'), and 'Descritor' (set to 'todos'). A red box labeled 'selecciona curso e materia' points to the 'Clase' and 'Materia' dropdowns. Below the filters, a section titled 'Resultados da procura que conteñen' shows a list of results. A red box labeled 'Resultados da busca' points to this section. The first result is 'Introdución ao reino animal' with a description 'Secuencia de imaxes que mostra os diferentes tipos de animais'. The second result is 'A función de relación nas abellas' with a description 'Animación que mostra como se comunican as abellas entre si'. Both results have a red arrow pointing to an orange '+' button on the right side of the result card.

Engadindo un novo aulaPlaneta a Tema 1 ?

▼ Xeral

Nome da Actividade★

Título en aulaPlaneta

Resultados de procura

selecciona curso e materia

Recursos

Buscar temas

Clase

5º Primaria

Materia

Ciencias da natureza

Competencia

todas

Subcompetencia

todas

Descritor

todos

Resultados da procura que conteñen

Resultados da busca

Introdución ao reino animal

Secuencia de imaxes que mostra os diferentes tipos de animais

A función de relación nas abellas

Animación que mostra como se comunican as abellas entre si

4. Finalmente, entre todos os resultados da busca, seleccionamos o recurso que desexamos pulsando sobre o botón "+" que aparece no lateral dereito de cada recurso.

Resultados da procura que conteñen

Pulsa no botón "+" para engadir o recurso

< 1 2 3 4 5 >

	Introdución ao reino animal Secuencia de imaxes que mostra os diferentes tipos de animais	  
	A función de relación nas abellas Animación que mostra como se comunican as abellas entre si	  
	Os tipos de reprodución no reino animal Interactivo que permite coñecer os diferentes tipos de reprodución que existen no reino animal	  
	Relaciona os tipos de reprodución do reino animal Actividade que relaciona o tipo de animal coa súa reprodución	   
	Reforza a túa aprendizaxe: Os seres vivos do reino animal Actividades sobre Os seres vivos do reino animal	   

Amosar máis

Despois dos pasos anteriores, só nos queda pulsar o botón "**Gardar e volver á materia**" ou o botón "**Gardar e mostrar**" que aparecen no fondo da páxina.

2.2. Crear unha versión dun tema de aulaPLANETA

Crear unha versión dun tema de aulaPLANETA



Crear unha versión dun tema de aulaPLANETA

Os temas e contidos de **aulaPLANETA** permítenlle ao profesorado crear a súa propia versión de cada tema, personalizando e modificando os contidos para adaptalos ás súas preferencias e necesidades.

Neste sentido, o primeiro que debemos facer será crear unha copia do tema orixinal que desexemos adaptar, da seguinte maneira:

- 1.** Iniciamos o tema que desexamos adaptar, do xeito habitual.

Ocultar destacados

O meu perfil Mensaxes Materias Cualificacións Axenda A miña clase

Páxina principal > As miñas materias > LUGO > BIOLOXÍA (demo)

BIOLOXÍA (demo) Nova Recurso

BIOLOXÍA

Tema 1. O ser humano

Tema 1. O ser humano

CE aP

O ser humano é un dos seres vivos

clic para iniciar o tema

Atopar recursos

Busca avanzada ?

Navegación

Páxina principal

- A miña área persoal
- Páxinas do sitio
- Meu perfil
- Materia actual
 - BIOLOXÍA (demo)
 - Participantes
 - BIOLOXÍA
 - Tema 1. O ser humano
 - Tema 2. As funcións vitais dos seres vivos
 - Tema 3
 - Tema 4
 - Tema 5
 - As miñas materias
 - Ferramenta autor

Administración

- Administración da materia

2. A continuación pulsaremos no botón "**Modificar**" que podemos atopar na parte superior dereita de cada tema. Debemos ter en conta que este botón só aparecerá se estamos accedendo ao tema co perfil de profesor. Este botón non se mostra no caso de acceder ao tema co perfil de alumno.

aulaPlaneta

5º Primaria |  Ciencias da natureza

O ser humano

Caderno do profesor 

O ser humano é un dos seres vivos máis complexos do planeta. Se queres saber máis sobre a túa especie, entra neste tema.

Adapta o teu caderno: engade recursos e anotacións para os alumnos. Crea novas seccións e oculta outras.

Descargar no meu computador  Imprimir Unidade  **Modificar** 

1 O corpo humano

2 As funcións vitais do ser humano

3 As etapas da vida

4 O que nos diferencia do resto dos animais

5 A identidade persoal

6 Exercitación e competencias

* Fin de unidade: repaso

Mapa Conceptual 

Ferramentas


            

3. Despois de pulsar o botón "**Modificar**", ábrese un novo recadro emerxente que nos pide un "**Nome da unidade**", un nome para identificar a esta copia do tema que se vai crear. Podemos poñer o título que queiramos e incluso podemos usar o mesmo título que o orixinal, xa que a aplicación engadirá automaticamente a palabra "**{Personalizado}**" diante do título que decidamos poñerlle.

É dicir, se nós decidimos chamarlle a esta copia “O ser humano”, a aplicación gardará a copia co nome de “**{Personalizado} O ser humano**”.

Ademáis, tamén podemos decidir en qué apartado de catalogación (“**Gardar en**”) queremos que se garde esta nova copia.

Como norma xeral, aconsellamos gardar esta nova copia na mesma ubicación e catalogación onde está o orixinal (opción que aparece por defecto) xa que nos resultará moito máis fácil de atopar posteriormente.



Modificar

Imos crear unha versión da unidade para adaptala ás túas necesidades.

Nome da unidade

Gardar en 5º Primaria Ciencias da natureza

Gardar **Cancelar** ✕

Despois de pulsar o botón "**Gardar**", quedará gardada unha copia exacta do orixinal, sobre a que podemos comenzar a realizar as modificacións que consideremos oportunas en cada caso.

Esta **copia personalizada** aínda non está incorporada á nosa materia, polo que ese será o seguinte paso que temos que realizar.

2.3. Engadir na materia a versión personalizada do tema

Engadir na materia a versión personalizada do tema



Engadir na materia a versión personalizada do tema

O seguinte paso, despois de facer unha copia do tema orixinal (visto no apartado anterior), será engadir na nosa asignatura esa copia do tema no mesmo sitio (tema) onde temos o contido orixinal.

Neste sentido, en primeiro lugar entramos na nosa asignatura e pulsamos o botón de cor verde "**Activar edición**" situado na esquina superior dereita da pantalla.

Se estamos traballando co formato "**Vista grella**" na nosa materia, as opcións de edición móstranse a continuación da vista grella, na parte inferior do tema. É dicir, se a nosa asignatura ten o formato grella, cando pulsamos o botón "**Activar edición**" móstranse os mesmos temas nun **formato editable** a continuación da grella.

Do mesmo xeito, cando desactivamos a edición, desaparece a visualización dos temas en **formato editable** para quedar como única visualización outra vez a vista grella.

Este comportamento resulta de moita utilidade, xa que nos facilita a edición dos temas nun formato que nos permite realizar o traballo de edición máis comodamente.

The screenshot displays the BIOLOXÍA (demo) interface. The main content area is divided into two sections. The top section, labeled 'Formato Vista grella', shows three topic cards: 'Tema 3', 'Tema 4', and 'Tema 5'. Each card has a green background with a leaf and a bug icon, and a red arrow points to the 'Engadir un novo tema...' link in the sidebar. The bottom section, labeled 'Formato editable', shows a detailed view of 'Tema 1. O ser humano'. It includes a title, a description, and a link to 'Engadir unha actividade ou un recurso'. The sidebar on the right contains several sections: 'Busca nos foros' with a search bar, 'Últimas noticias' with a link to 'Engadir un novo tema...', 'PRÓXIMOS EVENTOS' with a link to 'Ir ao calendario...', 'Actividade recente' with a link to 'Nova actividade...', and 'Engadir un bloque' with a dropdown menu.

Formato Vista grella

Formato editable

Na vista dos temas en formato editable (a continuación da vista grella), pulsamos no enlace "**Engadir unha actividade ou un recurso**" dentro do tema onde queiramos introducir a copia que realizamos anteriormente do recurso de aulaPlaneta.

BIOLOXÍA

✚   Foro de novas  Editar 

 Engadir unha actividade ou un recurso

✚ Tema 1. O ser humano  

✚  O ser humano  Editar 


O ser humano é un dos seres vivos máis complexos do planeta. Se queres saber máis sobre a túa especie, entra neste tema.

  Engadir unha actividade ou un recurso

✚ Tema 2. As funcións vitais dos seres vivos  



No recadro emerxente que aparece a continuación, seleccionamos a opción "**CE** *aulaPlaneta Caderno de Estudo*" no caso de que a copia que realizamos anteriormente corresponda a un "**CE**" (**C**aderno de **E**studo).



No seguinte paso seleccionamos a copia do recurso orixinal que gardamos anteriormente. Seleccionamos a catalogación ("Curso", "Materia" e "Tema") onde gardamos anteriormente a nosa copia do recurso de aulaPlaneta.

Podemos comprobar que a nosa copia preséntase agora coa expresión **{Personalizado}** diante do título que nós mesmos lle puxemos a esta copia. Desta maneira, todos os títulos que empezan por **{Personalizado}** corresponden a copias realizadas por nós de contidos orixinais de aulaPlaneta.

Finalmente, pulsamos o botón "**Gardar e volver á materia**"

Ocultar destacados

O meu perfil
 Mensaxes
 Materias
 Cualificacións
 Axenda
 A miña clase

[Páxina principal](#)
[As miñas materias](#)
[LUGO](#)
[BIOLOXÍA \(demo\)](#)
[Engadindo un novo aulaPlaneta Caderno de Estudo a Tema 1. O ser humano](#)

Ocultar columna

Engadindo un novo aulaPlaneta Caderno de Estudo a Tema 1. O ser humano

▼ Xeral

Nome da Actividade

Curso

Materia

Tema

- ✓ Escolee un
- O ser humano
- (Personalizado) O ser humano (adaptado)**
- A nutrición e os alimentos
- A saúde
- Os seres vivos
- O reino animal
- O reino das plantas
- A materia e os materiais
- A enerxía
- A electricidade e as máquinas

▼ Configuración común do recurso

Visible ☐

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con *

Atopar recursos

Busca avanzada

Navegación

- Páxina principal
 - A miña área persoal
 - Páxinas do sitio
 - Meu perfil
- Materia actual
 - BIOLOXÍA (demo)
 - Participantes
 - BIOLOXÍA
 - Tema 1. O ser humano
 - Tema 2. As funcións vitais dos seres vivos
 - Tema 3
 - Tema 4
 - Tema 5
 - As miñas materias
 - Ferramenta autor

Para finalizar, sempre é aconsellable que **ocultemos** o recurso orixinal de aulaPlaneta, de maneira que os nosos alumnos non continúen accedendo ao recurso orixinal e a partir de agora accedan á copia do recurso que nós realizamos e na que nos dispoñemos a introducir as modificacións.

BIOLOXÍA

Foro de novas

Engadir unha actividade ou un recurso

Tema 1. O ser humano

O ser humano

O ser humano é un dos seres vivos máis complexos do planeta. Se qu...
máis sobre a túa especie, entra neste tema.

(Personalizado) O ser humano (adaptado)

O ser humano é un dos seres vivos máis complexos do planeta. Se qu...
máis sobre a túa especie, entra neste tema.

Engadir

Tema 2. As funcións vitais dos seres vivos

Editar

- Editar a configuración
- Mover cara á dereita
- Ocultar
- Duplicar
- Asignar roles
- Eliminar

O resultado final será que no tema haberá dous recursos: un oculto (o recurso orixinal) e outro visible (a copia feita por nós). Os nosos alumnos só poderán ver e acceder ao noso tema personalizado, xa que desde ese momento será o único que está configurado como visible.

BIOLOXÍA

Tema 1. O ser humano

Tema 1. O ser humano



O ser humano
O
ser humano é un
dos seres vivos
máis importantes



(Personalizado) O
ser humano
(adaptado)
O
ser humano é un
dos seres vivos
máis importantes

**tema orixinal
oculto**

**tema personalizado
visible**

2.4. Introducir cambios na versión personalizada do tema

Introducir cambios na versión personalizada do tema



Editar a versión personalizada do tema

Cando pulsamos o botón "**Modificar**" sobre unha **copia** dun contido de aulaPlaneta, o comportamento é diferente de cando pulsamos ese mesmo botón sobre o recurso orixinal.

- Botón **MODIFICAR** sobre o recurso orixinal = realiza unha copia do recurso.
- Botón **MODIFICAR** sobre a copia do recurso = activa as ferramentas de edición.

Neste caso (unha copia do contido orixinal) ao pulsar sobre o botón "**Modificar**" actívanse todas as **ferramentas de edición** sobre o propio contido, que nos permiten modificalo e introducir os cambios que desexemos.

É dicir, as modificacións e adaptacións só poden ser realizadas sobre a copia do recurso feita polo docente, pero nunca sobre o propio recurso orixinal de aulaPlaneta.

Adapta o teu caderno: engade recursos e anotacións para os alumnos. Crea novas seccións e oculta outras.

Descargar no meu computador Imprimir Unidade Modificar

Modificar unidade

Modificar nombre Gardare pechar

- 1 O corpo humano
- 2 As funcións vitais do ser humano
- 3 As etapas da vida
- 4 O que nos diferencia do resto dos animais
- 5 A identidade persoal
- 6 Exercitación e competencias
- * Fin de unidade: repaso

Mapa Conceptual

1 O corpo humano

2 As funcións vitais do ser humano

3 As etapas da vida

4 O que nos diferencia do resto dos animais

5 A identidade persoal


6 Exercitación e competencias

* Fin de unidade: repaso

Modificar unidade

Modificar nombre Gardare pechar

Cando editas unha sección por primeira vez o sistema avísate de que os cambios que introduzas serán gardados na túa copia personalizada do recurso e, ademáis, informa tamén de que calquera actualización ou cambio que se produza no recurso orixinal por parte da editorial, non será incorporado a esta copia personalizada.



Despois de realizar os cambios e gardar, a sección modificada móstrase co identificador dunha “**esquina doblada**” indicando que esa sección en concreto contén cambios ou modificacións personalizadas introducidas polo profesor/a.



O ser humano é un dos seres vivos máis complexos do planeta. Se queres saber máis sobre a túa especie, entra neste tema.



Adapta o teu caderno: engade recursos e anotacións para os alumnos. Crea novas seccións e oculta outras.

Descargar no meu computador



Imprimir Unidade



Modificar



1 O corpo humano

2 As funcións vitais do ser humano

3 As etapas da vida

4 O que nos diferencia do resto dos animais

5 A identidade persoal

6 Exercitación e competencias

* Fin de unidade: repaso

Mapa Conceptual



1 O corpo humano

2 As funcións vitais do ser humano

3 As etapas da vida

4 O que nos diferencia do resto dos animais

5 A identidade persoal

6 Exercitación e competencias

* Fin de unidade: repaso



2.5. O caderno do profesor

O caderno do profesor



Que inclúe o caderno do profesor

O caderno do profesor (CP) inclúe, ademais de acceso ao caderno do estudante (CE), os seguintes elementos específicos:

- Unha **GUÍA DIDÁCTICA** na que se presenta e desenvolve a proposta didáctica de aulaPlaneta para cada tema.



O ser humano

Guía didáctica

Recursos do tema

Mapa Conceptual

Caderno do alumno

O ser humano é un dos seres vivos máis complexos do planeta. Se queres saber máis sobre a túa especie, entra neste tema.



Guía didáctica

Imprimir



Obxectivos

- Identificar as características que definen ao ser humano como un ser vivo.
- Distinguir os diferentes aparatos e sistemas do corpo humano, así como os órganos que os forman e as funcións vitais que realizan.
- Recoñecer as diferentes etapas da vida do ser humano.
- Localizar os principais ósos e músculos do corpo humano.
- Entender o funcionamento das articulacións.
- Diferenciar as partes do sistema locomotor.
- Coñecer os beneficios do deporte.
- Coñecer as fases da reprodución humana.

Estratexia didáctica


O **ser humano** é unha das especies do reino animal máis complexas e posúe unhas características moi especiais que o distinguen do resto de animais.

Co fin de cumprir cos principais obxectivos establecidos para este tema (**identificar as características** que definen ao **ser humano** como un **ser vivo**, distinguir os diferentes **aparatos e sistemas do corpo humano**).

Obxectivos competenciais

- Interese por utilizar os modelos anatómicos para o estudo dos diferentes aparatos do noso corpo.
- Identificar os diferentes aparatos e órganos do ser humano e as súas funcións.
- Entender as vantaxes do deporte para unha boa saúde.
- Tratar a información de forma sistemática.
- Saber traballar en grupo para a realización dunha investigación.
- Obter a información da contorna e presentala de forma científica.

- Un **MAPA CONCEPTUAL** imprimible que ofrece unha visión completa do tema.



- Unha **FERRAMENTA DE EXPOSICIÓN** que crea automáticamente unha presentación interactiva (cando se pulsa o botón “**Expor**”), cos recursos dese tema concreto para poder utilizala nunha pizarra dixital ou simplemente proxectala directamente sobre calquera superficie de proxección.



- A ferramenta **DESCARGAR NO MEU COMPUTADOR** para gardar a túa clase preparada no teu ordenador ou nunha memoria externa (pendrive) e poder traballar sen necesidade de conexión a internet.

Tratamos esta funcionalidade noutro apartado deste curso.

- A ferramenta **MODIFICAR** para personalizar as túas clases e adaptar as secuencias didácticas propostas por aulaPlaneta ás necesidades da aula.

Tratamos esta funcionalidade noutro apartado deste curso.

2.6. Descargar temas e traballar off-line

Descargar temas e traballar Off-line



Descargar temas de aulaPLANETA

Todos os temas de aulaPlaneta permiten ser descargados para traballar con eles sen necesidade de conexión a internet. Esta opción está dispoñible tanto para os temas destinados aos alumnos (Caderno do Estudiante - CE) como para os temas destinados aos profesores (Caderno do profesor - CP).

Os temas poden ser descargados en calquera dispositivo, incluso podemos descargalos nunha memoria externa (pendrive USB) para poder traballar con eles posteriormente en modo desconectado desde calquera ordenador, desde o ordenador que estamos utilizando en cada momento.

En primeiro lugar, debemos acceder ao tema entrando no **EVA** (<https://eva.edu.xunta.es>) e a continuación pulsaremos sobre o botón "**Descargar no meu computador**".

aulaPlaneta

5º Primaria |  Ciencias da natureza

O ser humano

Caderno do profesor


O ser humano é un dos seres vivos máis complexos do planeta. Se queres saber máis sobre a túa especie, entra neste tema.

Adapta o teu caderno: engade recursos e anotacións para os alumnos. Crea novas seccións e oculta outras.

Descargar no meu computador Imprimir Unidade Modificar

A continuación ábrese un recadro onde debemos escoller o **tipo de sistema operativo** que ten instalado o noso ordenador. No caso dos ordenadores pertencentes ao **proxecto EDIXGAL** debemos escoller a opción "**Linux (64 bits)**".

***NOTA:** Para saber cómo recoñecer o tipo de sistema operativo que está instalado nun ordenador do proxecto EDIXGAL, consulta o "Tema 1" desde mesmo curso.*




Despois de seleccionar o tipo de sistema operativo comenza a descarga do **ficheiro instalador** (aínda non é o tema propiamente dito) que se gardará por defecto no cartafol "Descargas" do teu ordenador.



A continuación, nun sistema operativo Linux, debemos darlle **permisos de execución** a este ficheiro para que ao facer dobre clic sobre él inicie automáticamente a descarga do tema completo de aulaPlaneta.

Unha das maneiras de darlle permisos de execución a este ficheiro será **pulsar co botón dereito do rato** sobre él e escoller a opción "Propiedades". A continuación pulsamos sobre a solapa "**Permisos**" e marcamos a opción "**Permitirlle a este ficheiro executarse coma un programa**".




Cando o ficheiro xa ten os permisos de execución asignados, facemos **dobble clic** sobre él e comprobaremos que aparece un novo recadro que nos indica que se vai iniciar a descarga do tema completo.



Unha vez finalizada a descarga, aparecerá un novo recadro que nos informa de que o proceso finalizou correctamente.



Por último, poderemos ver que no mesmo sitio onde estaba o instalador que descargamos anteriormente agora hai un novo ficheiro que contén o tema completo (no exemplo, "O-ser-humano").



Despois de abrir (executar) por primeira vez o **tema descargado** (no exemplo anterior sería "O-ser-humano"), o ficheiro **instalador** que descargamos en primeiro lugar desaparecerá (no exemplo sería "O-ser-humano_descarga") para quedar únicamente o ficheiro co tema propiamente dito.

3.1. Como engadir un tema SMART de NETEX

Como engadir un tema SMART de NETEX




Como engadir un tema Smart (Netex)

Unha vez que accedemos ao EVA Abalar, seleccionamos a materia na que imos publicar o contido. A continuación pulsamos sobre o botón "**Activar edición**" que atoparemos na parte superior dereita da pantalla.




The screenshot displays the EVA Abalar web interface. At the top, there is a blue navigation bar with the following menu items: GALEGO (GL) ▾, O MEU ESCRITORIO ▾, AS MIÑAS MATERIAS ▾, FERRAMENTA AUTOR ▾, and AXUDA ▾. Below this is a section titled 'Ocultar destacados' with six icons: 'O meu perfil', 'Mensaxes', 'Materias', 'Cualificacións', 'Axenda', and 'A miña clase'. A breadcrumb trail shows 'Páxina principal > As miñas materias >'. The main content area on the left lists 'Novidades' followed by 'Tema 1' through 'Tema 5'. On the right, there is a sidebar with two sections: 'Atopar recursos' (containing a search bar and a 'Busca avanzada' link) and 'Navegación' (containing a tree structure: 'Páxina principal' with sub-items 'A miña área persoal', 'Páxinas do sitio', 'Mou perfil'; 'Materia actual' with sub-items 'Bioloxía e xeoloxía' (which has sub-items 'Participantes', 'Distincións', 'Xeral', 'Tema 1', 'Tema 2', 'Tema 3', 'Tema 4', 'Tema 5'), 'As miñas materias', and 'Ferramenta autor'). A red circle highlights the 'Activar edición' button in the top right corner of the main content area, with a red arrow pointing to it from the left.

A continuación, pulsamos sobre a opción "**Engadir unha actividade ou un recurso**" no tema da nosa materia onde queiramos insertar o recurso.




Feito isto, aparecerá un cadro de diálogo onde poderemos seleccionar diversos recursos e actividades, entre os que atoparemos os recursos de "**AulaPlaneta**" e mais os de "**Smart ClassRoom**".



Engadir un recurso Smart Classroom

Cando seleccionamos a opción **Smart Classroom**  móstrásenos un cadro de diálogo onde poderemos seleccionar diversos criterios de busca que nos levarán a atopar o recurso en concreto que estamos buscando.



SC Engadindo un novo Smart Classroom ?

► Expandir todos

▼ Xeral

▼ Tipo de Unidad

Seleccione Asignatura

Seleccione Nivel educativo

Buscar libros

► Cualificación

► Modo Nativo

► Configuración común do módulo

Despois dos pasos anteriores, só nos queda pulsar o botón "**Gardar e volver á materia**" ou o botón "**Gardar e mostrar**" que aparecen no fondo da páxina.

3.2. Modificación dun tema SMART de NETEX

Modificación dun tema SMART de NETEX



Modificar os contidos dun tema Smart (Netex)

O primeiro que debemos ter en conta é que as modificacións, adaptacións ou cambios que desexemos introducir nos temas Smart (Netex) non se realizan sobre unha copia do tema (como no caso de aulaPLANETA) senón que **todas as modificacións que realicemos serán introducidas directamente no tema orixinal.**

Neste sentido, é importante recordar que se os nosos alumnos xa acceden actualmente ao tema que desexamos modificar, os propios alumnos poderán visualizar en tempo real os cambios que estamos introducindo en cada momento.

Tendo en conta todo o anterior, estes serán os pasos a realizar para introducir modificacións nos temas Smart.

- 1.** En primeiro lugar accedemos á nosa materia e Iniciamos o tema da forma habitual, facendo clic sobre él para que se abra a pantalla completa.

GALEGO (GL) O MEU ESCRITORIO AS MIÑAS MATERIAS FERRAMENTA AUTOR AXUDA

Ocultar destacados

O meu perfil Mensaxes Materias Cualificacións Axenda A miña clase

Páxina principal > As miñas materias

MATEMÁTICAS (demo) Tema 1. La magia de los números

SC 1. La magia de los números

Clic para iniciar o tema


Atopar recursos

Activar edición Ocultar columna

Navegación

Administración

2. A continuación entramos (facendo clic) no apartado ou sección que desexemos modificar.



Despois de acceder á sección, pulsaremos o botón de "**Editar**" situado na esquina superior dereita do tema, que activará as funcionalidades de edición directamente sobre os contidos.

Os textos e as imaxes son modificables directamente pulsando sobre eles, de maneira que con só facer clic sobre o elemento que queiramos editar podemos introducir directamente os cambios que desexemos.



Texto

Evolución del número escrito



Los [números naturales](#) surgieron porque el hombre tenía la necesidad de **enumerar** objetos. En sus inicios, se cree que las tribus prehistóricas solo manejaban los conceptos de uno, dos y muchos; ¿te imaginas no saber contar más de tres objetos?, ¡nos daría igual tener 10 € que 100 €!

Los primeros indicios de numeración escrita se encuentran en Mesopotamia sobre el año 4000 a.C. Por aquel entonces los números se representaban con muescas en tablas o palos aunque, poco a poco, fueron evolucionando y su representación fue cada vez más compacta. Esta evolución estaba generada por la necesidad de **operar** con ellos, ya que no era suficiente el poder contar objetos, y las representaciones más básicas no les permitían realizar operaciones de forma sencilla.

Hasta llegar a la notación actual, los sistemas de numeración más utilizados fueron los siguientes:

3.3. Control de aula con SmartClassroom

Control de aula con SmartClassroom



Control de aula

As opcións de control de aula actívanse pulsando o **botón dereito do rato**.

The screenshot shows the SmartClassroom interface for a lesson titled "Los números naturales" (Natural Numbers) for 1st ESO. The interface includes a header with the lesson title and a sidebar with navigation icons. A red mouse cursor is shown clicking the right button, which opens a context menu with three options: "Dirígete aquí" (Go here), "Bloquear pantalla" (Lock screen), and "Bloquear alumnos" (Lock students). The main content area displays a definition of natural numbers and a list of uses: "Los números naturales se utilizan para:" (Natural numbers are used for:). The uses are illustrated with images and labels: "Contar" (Count) with a child counting, "Ordenar" (Order) with children holding numbered pots, "Codificar" (Code) with a child using a calculator, "Operar" (Operate) with a child reading a book, and "Medir" (Measure) with a child standing next to a height chart.

1. Dirígete aquí

Esta función permite que todos os alumnos se dirixan a un punto concreto dunha lección.

Para activar a función:

1. Pulsamos co botón dereito do rato sobre calquera área do tema
2. Seleccionamos a opción "**Diríxete aquí**"
3. Agora co botón esquerdo do rato, facemos **clic no punto concreto** da lección onde queremos que vaian os alumnos.

Con este procedemento, todos os alumnos que estean conectados a esa unidade, tanto se están nesta lección como se están noutra, serán dirixidos automaticamente ao punto seleccionado.

2. Bloquear pantalla

Esta función bloquea a navegación dos alumnos entre leccións. Poderán navegar na lección e interactuar con ela (consultar contidos, responder actividades...) pero non poderán ir a outras leccións.

Para activar a función:

1. Pulsamos o botón dereito do rato sobre calquera área do tema.
2. Seleccionamos "**Bloquear pantalla**".

Ao bloquear, todos os alumnos conectados á unidade serán redirixidos á lección e seralles bloqueada a navegación. Tanto docente como alumno verán un aviso na zona superior da pantalla.



Para desbloquear a pantalla:

Pulsamos novamente co botón dereito do rato e seleccionamos a opción "**Desbloquear pantalla**"-


3. Bloquear alumnos

Esta función está pensada para que os alumnos deixen o que están facendo coa unidade e presten atención ao profesor/a, o que lle permitirá realizar explicacións ou exposicións na pizarra.

Para activar a función:

1. Pulsamos co botón dereito do rato sobre calquera área do tema
2. Seleccionamos a opción "**Bloquear alumnos**"

Na pantalla dos alumnos aparecerá o seguinte aviso e non poderán seguir interactuando de ningunha maneira coa unidade.



Para desbloquear, pulsamos co botón derecho do rato e seleccionamos a opción **"Desbloquear alumnos"**.

3.4. Ver o libro do alumno SMART

Ver o libro do alumno Smart



Ver o libro do alumno

SmartClassroom permite acceder a unha unidade como se fósemos un dos nosos alumnos, de maneira que podemos ver todo o que fixo, as súas actividades, as súas respostas ...

Para realizar esta acción pulsaremos no botón "**Acceder como**"



situado na botoneira de Smart.

1º ESO · Matemáticas · Unidad 1
Los números naturales

Los números naturales surgieron porque el hombre tenía la necesidad de **enumerar** objetos. En sus inicios, se cree que las tribus prehistóricas solo manejaban los conceptos de uno, dos y muchos; ¿te imaginas no saber contar más de tres objetos?, ¡nos daría igual tener 10 € que 100 €!


Botón "Acceder como"

Los primeros números de numeración escrita se encuentran en Mesopotamia sobre el año 4000 a.C. Por aquel entonces los números se representaban con muescas en tablas o palos aunque, poco a poco, fueron evolucionando y su representación fue cada vez más compacta. Esta evolución estaba generada por la necesidad de **operar** con ellos, ya que no era suficiente el poder contar objetos, y las representaciones más básicas no les permitían realizar operaciones de forma sencilla.

Hasta llegar a la notación actual, los sistemas de numeración más utilizados fueron los siguientes:

Babilonia	
Egipto	

A continuación seleccionamos un dos alumnos. Os alumnos que están actualmente conectados a esta unidade aparecen destacados cun botón verde diante do seu nome.



Recibiremos un **aviso** de que acabamos de activar o libro como o alumno e veremos na zona superior esquerda o **avatar do alumno** que estamos consultando.



Para abandonar a visualización do libro do alumno, bastará con volver a pulsar o

botón 

3.5. Ver o libro do profesor SMART

Ver o libro do profesor Smart



Ver o libro do profesor

A versión do profesor de SmartClassroom facilita contidos e materiais específicos para o docente que lle permitirán ver orientacións sobre o aproveitamento didáctico da unidade na aula.

Para activar o modo profesor pulsaremos sobre o botón "**Opcións**" na botoneira de Smart.

1º ESO · Matemáticas · Unidad 1
Los números naturales

La evolución del número escrito

Los [números naturales](#) surgieron porque el hombre tenía la necesidad de **enumerar** objetos. En sus inicios, se cree que las tribus prehistóricas solo manejaban los conceptos de uno, dos y muchos; ¿te imaginas no saber contar más de tres objetos?, ¡nos daría igual tener 10 € que 100 €!

Los primeros indicios de numeración escrita se encuentran en Mesopotamia sobre el año 4000 a.C. Por aquel entonces los números se representaban con muescas en tablas o palos aunque, poco a poco, fueron evolucionando y su representación fue cada vez más compacta. Esta evolución estaba generada por la necesidad de **operar** con ellos, ya que no era suficiente el poder contar objetos, y las representaciones más básicas no les permitían realizar operaciones de forma sencilla.

Hasta llegar a la notación actual, los sistemas de numeración más utilizados fueron los siguientes:

Babilonia	
Egipto	

A continuación activaremos o selector "**Modo profesor**"

1° ESO · Matemáticas · Uni
Los números naturales

La evolución

Los números naturales su enumerar objetos. En sus manejaban los conceptos contar más de tres objeto

Los primeros indicios de r Mesopotamia sobre el año representaban con muesc evolucionando y su repres evolución estaba generad era suficiente el poder cor no les permitían realizar c

Hasta llegar a la notación utilizados fueron los sigui

Opciones SmartClassroom

Modo profesor ☒

El libro mostrará el contenido creado para los profesores.

Modo PDI ☐

El libro mostrará datos anónimos cuando se muestren los detalles de la actividad

Herramientas del profesor

☒ ☐ Arriba a la izquierda ☒ ☐ Arriba a la derecha

☐ ☐ Arriba en el centro ☐ ☐ Debajo en el centro

☐ ☐ Debajo a la izquierda ☐ ☐ Debajo a la derecha

Capa smart

☒ ☐ Básico

El profesor puede revisar las actividades y llevar un seguimiento en tiempo real a través del detalle de la actividad. El control de clase también está activo.

☐ ☐ Avanzado

Además de las anteriores características, el profesor dispone del panel de analíticas.

☐ ☐ Experto

Además de las anteriores características, el profesor puede editar el contenido.

Babilonia

Egipto

Mayas

India

Antigua China

Grecia

Además, esta capa de opcións tamén nos permite activar o **modo PDI**.

Esta opción está pensada para facilitar que a unidade sexa visible desde a pizarra dixital pero gardando e protexendo a privacidade das notas e dos resultados dos alumnos, de maneira que no caso se mostrar as notas ou puntuacións dos alumnos, éstas sempre se mostrarán en modo anónimo.


3.6. Traballando en modo off-line con SMART

Traballando en modo off-line con SMART



Traballando en modo off-line

Todos os temas de **SmartClassroom** poden ser descargados desde o **Eva Offline** para poder traballar con eles cando non temos unha conexión a internet dispoñible. Se entramos no **Eva Offline** e pulsamos sobre o círculo informativo que se mostra na parte dereita de cada contido, veremos que nos informa que este tema pode visualizarse desde esta app.




Para poder descargar un tema na app **Eva Offline**, lóxicamente necesitamos dispoñer de conexión a internet no noso ordenador. A propia app EvaOffline inclúe un indicador de conexión na parte superior dereita da pantalla. Se este indicador de conexión está en verde significa que a app dispón de conexión para poder realizar a descarga.



A primeira vez que pulsamos no título do tema desde a app Eva Offline, ábrese o tema e comenza a descarga de forma automática.

Mentres dura a descarga, se intentamos acceder a calquera dos capítulos do tema, aparece un aviso na parte superior da pantalla que nos indica que debemos esperar a que remate a descarga. O aviso indica exactamente "**Debes descargar el contenido**".


Cando a descarga finalizou, podemos ver que aparece un novo botón no tema titulado "**Volver a descargar**", que nos permitiría volver a descargar o tema en caso de ser necesario.



Como traballo se non hai conexión a internet?

Os contidos detectan automaticamente se existe conexión a internet ou non. En caso de que non exista unha conexión viable aparecerá unha mensaxe de alerta que che informa desta circunstancia e plantéxache dúas opcións:

- **Reconectar:** o sistema intentará reconectar durante 3 intentos consecutivos.
- **Modo desconectado:** o sistema non realizará intentos de conexión e continuarás traballando sen conexión.



En canto selecciónes o **modo desconectado** (modo off line) podes seguir traballando normalmente e todo o teu traballo gárdase de forma temporal no teu ordenador. O sistema avisa de que estás traballando en *modo desconectado* mostrando o símbolo “**desconectado**” na esquina superior esquerda da pantalla.



MOI IMPORTANTE !

Cando o ordenador recupere a conexión **debes pulsar o icono que indica modo desconectado**, en cada un dos temas onde traballaches en **modo desconectado**, desta maneira o sistema volverá a establecer conexión e comenzará a sincronización automática dos datos gardados no teu ordenador ata ese momento.

Se non pulsas o icono de modo desconectado, a pesar de que xa exista conexión é posible que o sistema siga mantendo o modo desconectado naqueles temas onde activaches este modo e non sincronizará os datos gardados.

4.1. Funcionalidades básicas

Funcionalidades básicas



O entorno de Xeración de Contidos é a plataforma deseñada para crear contidos educativos integrada no proxecto e-Dixgal. Permite ao profesorado xerar recursos educativos de gran riqueza e a creación de unidades didácticas complementarias ó temario oficial.

A nova Ferramenta de Autor dota ao profesor de recursos para a creación de unidades didácticas complementarias ao temario oficial que favorezan o traballo diario tanto na aula, como fora dela.

Trátase dun área personalizada, adaptada aos perfís de “profesor”, que contempla o desenvolvemento das principais funcionalidades de xestión de proxectos nos que se inclúen unha secuencia organizada de contidos e exercicios que poderán ser publicados en entorno virtuais.



A nova “Ferramenta de autor para a xeración de contidos” integra as seguintes funcionalidades:

1. **Xeración de exercicios** de distinto tipo que poden ser utilizados como recurso complementario no Entorno Virtual de Aprendizaxe.

2. **Xeración de contidos** que poden ser enriquecidos con arquivos multimedia (imaxes, vídeos, audios, etc.). O profesor poderá achegar todo o contido estático que necesite para completar a información que necesita expoñer.
3. **Creación de proxectos** que se poderán configurar como unidades didácticas complementarias utilizando os exercicios e contidos creados previamente, conformando a ferramenta de interacción co estudante e co resto da comunidade.
4. Posibilidade de **publicar os proxectos** en formato [SCORM](#) directamente na plataforma e-Dixgal.
5. Capacidade para **compartir proxectos** e xerar un espazo común de traballo entre os profesores.

Módulos principais

A Ferramenta de Autor está composta por **tres grandes módulos** nos que se agruparán as diferentes funcionalidades que permitirán realizar as seguintes tarefas:

- **Módulo Exercicios** : agrupa as funcionalidades para crear, modificar e eliminar os diferentes tipos de exercicios como actividades a presentar ao estudante. Estas actividades poderán ser clasificadas do seguinte xeito, atendendo as súas características e modo de presentación da información:
 - **Exercicios avaliáveis** : poden ser utilizados polo profesor para avaliar os grado de coñecemento adquirido polo estudante.



- **Contidos interactivos**: son recursos que permiten ao profesor presentar a información de xeito máis visual coa incorporación de distintos elementos, como imaxes, exercicios avaliáveis, presentacións, ...



- **Módulo Contidos estáticos** : agrupa as funcionalidades para crear, modificar e eliminar o contido explicativo sobre un determinado tema. Pode ser utilizado para a configuración de contido fixo a través do editor avanzado que permite a combinación de texto, vídeo, audio... en distintos parágrafos.
- **Módulo Proxectos** : desde este módulo poderá configurarse un proxecto para un/s curso/s e materia/s determinada/s utilizando os recursos educativos previamente creados (exercicios e/ou contidos) conformado as unidades didácticas complementarias para presentar aos estudantes ou a comunidade. As funcionalidades dispoñibles desde este menú son:
 - Crear, modificar, eliminar un proxecto
 - Publicar en formato [SCORM](#) directamente na plataforma EDIXGAL.
 - Compartir proxectos nun espazo de traballo




4.2. Xerar contidos estáticos

Xerar contidos estáticos



Este menú permite acceder as funcionalidades necesarias para xerar contidos estáticos. Os contidos son o material de aprendizaxe que crea o profesor para poñer a disposición dun estudante como parte dun proxecto. Estes contidos poden configurarse de distintas formas en función da súa adecuación á materia tratada, podendo utilizar solo parágrafos de texto, vídeos, imaxes ou a combinación de varios de estes elementos, a través do editor avanzado.

O usuario accede ao menú “ **Ferramenta Autor**” > “**Contidos estáticos**”.



A plataforma carga a pantalla inicial desde a que se pode acceder as seguintes funcionalidades:

- **Engadir novos contidos estáticos.**
- **Consultar** os contidos estáticos que o usuario ten xerados.

Contidos

▼ Filtros

Ambito ?

Os meus contidos

ID ?

Título ?

Etiquetas

Introduza a etiqueta...

Filtrar

Quitar filtros

► Contidos Creados

Engadir contidos

Importar contidos Demo

No caso da consulta, o usuario deberá seguir os seguintes pasos:

1. Cubre os filtros **Ambito**, **ID**, **Título** e **Etiquetas** (pode cubrir un ou varios). No caso de non cubrir ningún, recupéranse todos os contidos creados polo usuario.
2. Para limpar os campos utilizados como filtros, pulsa o botón **Quitar filtros**.
3. Para realizar a consulta, pulsa o botón **Filtrar**.
4. A continuación a pantalla carga o **listado de contidos** que coinciden cos filtros utilizados.

▼ Filtros

Ambito ? Os meus contidos ▼

ID ?

Título ?

Etiquetas

Filtrar Quitar filtros

Despois de realizar a consulta, sobre os resultados recuperados, o usuario pode realizar as seguintes accións:

▼ Contidos Creados

Id	Título ▲	Descrición	Data modificación				
2	A terra (O planeta terra)	Descrición de a terra o planeta terra	18-08-2015 12:43:10				
13	El sistema solar	El sistema solar es el sistema planetario en el que se encuentran la Tierra y otros objetos astronómicos que giran directa o indirectamente en una órbita alrededor de una única estrella conocida como el Sol.1	31-08-2015 10:37:10				
50	El sistema solar	El sistema solar es el sistema planetario en el que se encuentran la Tierra y otros objetos astronómicos que giran directa o indirectamente en una órbita alrededor de una única estrella conocida como el Sol.1	23-08-2015 14:29:33				

-  **Editar:** permite acceder á modificación do contido estático concreto.
-  **Previsualizar:** crea unha vista previa do contido definido.
-  **Eliminar:** borra o contido estático definido.
-  **Acceder ás páxinas de contidos:** permite acceder directamente ás páxinas de contidos creadas no contido estático concreto.

Importar contidos "Demo"

Para obter os contidos dispoñibles de exemplo, pódense descargar se fai clic no botón **Importar contidos Demo**. Únicamente se poden importar os contidos "demo" unha vez. Os contidos importados aparecerán na listaxe.

Contidos

▼ Filtros

Ambito ?

Os meus contidos

▼

ID ?

Título ?

Etiquetas

Introduza a etiqueta...

Filtrar

Quitar filtros

► Contidos Creados

Engadir contidos

Importar contidos Demo

Crear contidos

Para crear un novo contido estático, o usuario sigue os seguintes pasos:

1. Premer o botón **Engadir contidos** que atopara na pantalla de acceso a Xeración de contidos desde o menú “ **Ferramenta Autor**” > “**Contidos estáticos**”.
2. A continuación, a pantalla carga o formulario de “**Datos xerais**” cos campos necesarios para rexistrar un novo contido estático.
 1. **Título**: Denominación ou temática sobre a que tratará o contido estático.
Exemplo: “As Froitas”

2. **Descrición:** Breve resumo explicativo sobre o contido ou obxectivos do contido estático.

Exemplo: “As froitas son os froitos comestíbeis das árbores froiteiras e outras plantas. Na lingua coloquial e en cociña, cando se fala da froita en termos xenéricos, a palabra refírese normalmente a aqueles vexetais cuxos froitos son carnosos e doces, ricos en azucres e vitaminas e frecuentemente consumidos crus como sobremesa, como por exemplo, as ameixas, mazás, laranxas e un longo etcétera”.


3. **Etiquetas:** palabras relacionadas co contido creado que poderán ser utilizadas como filtros para a súa localización e clasificación.

Exemplo: “froita, laranxa, maza”.

NOTA: Para engadir etiquetas cada vez que terminemos de escribir unha palabra pulsa a tecla “intro”.

3. Unha vez cubertos os campos (como mínimo, os marcados como obrigatorios cun asterisco), o usuario fai clic no botón **Gardar modificacións** para crear o contido.

Unha vez creado o contido, o usuario pode realizar as seguintes accións a través dos botóns activados na parte superior do contido creado:



- **Engadir contidos:** permite crear un novo contido de cero.
- **Previsualizar:** permite ter unha vista previa do contido no que se atopa.
- **Páxinas do meu contido:** permite acceder a pantalla na que crear as distintas páxinas de contido que formarán parte do contido no que se atopa.
- **Eliminar:** borra o contido no que se atopa.
- **Crear copia de seguridade:** permite crear unha copia de seguridade do contido.
- **Exportar a ficheiro:** permite crear unha copia de seguridade do contido en formato .zip e descargalo no computador persoal, no canto de ter a copia de seguridade na plataforma.
- **Importar dende un ficheiro:** permite importar un contido desde un arquivo .zip previamente gardado no computador.
- **Administrador colaboradores:** permite engadir colaboradores ó contido, isto fará que os usuarios que engadamos como colaboradores poidan editar o noso

contido. A estes usuarios apareceralle na súa area de contidos nos que colaboro este contido.


- **Enviar ao repositorio:** permite enviar un contido ó repositorio. Este contido estará dispoñible para que calquera profesor da plataforma poida obter unha copia de este contido

Crear páxinas de contido

Para que serve: Os contidos estáticos están formados por unha ou varias páxinas de contido. Unha páxina de contido é unha división que se fai nun contido estático para facilitar a lectura e a orde e integración dos contidos que se pretender expoñer ao estudante. As páxinas de contidos poden crearse utilizando texto, imaxes, vídeos, etc.

Para crear unha páxina de contido, o usuario sigue os seguintes pasos:

1. Premer o botón Páxinas do meu contido que atopara na pantalla de “Datos Xerais” dun contido estático concreto.




Páxinas do meu contido

2. A continuación, a pantalla carga as “Páxinas do meu contido” na que o usuario poderá realizar as seguintes accións:


- **Consultar** o listado de páxinas de contido que pertencen ó contido
- **Engadir** unha nova páxina

3. Para engadir unha nova páxina o usuario fai clic no botón "**Engadir páxina**".



Engadir Páxina


4. A continuación, a pantalla mostra o listado de páxinas coa "**nova páxina**" e a "**edición da páxina**" (título e editor avanzado)



5. O usuario pon o nome da páxina no campo "**título**". **Exemplo:** "A mazá".


Título* ?

6. Para dotar de contido á páxina, o usuario engadirá un ou varios parágrafos, utilizando as **liñas** do **editor avanzado**.




As liñas dispoñíbles son:


+12: activa un único bloque no que engadir os distintos tipos de parágrafos.



+6-6: activa dous bloques.




+4-4-4: activa tres bloques




En calquera momento o usuario poderá borrar unha columna (botón "papeleira"), reordenar as columnas entre si (botón "cruz"), aumentar ou diminuír o tamaño de cada columna (botón "máis" e botón "menos") ou engadir novas columnas dentro dun bloque.

7. Para engadir texto e darlle formato, o usuario pode introducir texto directamente e utilizar o editor




... ou arrastrar un parágrafo dos que se atopan na parte esquerda do editor. **Exemplo:** parágrafo "Reto"



8. O usuario debe facer clic sobre o parágrafo para modificar título (virá prefixado nos tipos de parágrafos “Na práctica”, “Reto”, “Relacionado” e “Sabías qué”) e texto.

Exemplo: Título: **Tipos de mazá**



9. O usuario pode combinar tanto os tipos de liña (explicados no punto 6) como os tipos de parágrafos para crear contidos atractivos. As liñas poderán reordenarse entre si , engadir unha nova columna , ou eliminar a liña con todo o seu contido.

Texto normal

Na prática

Reto

Relacionado

¿Sabías que?

Titulo

Introduza aqui o seu texto

Título

Introduza aqui o seu texto

⊕ -12 ⊖ -6-6 ⊕ -4-4-4

Tipos de mazá

Xeralmente, distínguense tres tipos de mazás comestíbeis: as mazás de sidra, as mazás de mesa ou mazás "de couteiro" e as mazás para cocer, que pertencen a un dos dous primeiros tipos pero soportan ben a cocción. Estes tres tipos proveñen da especie *Malus pumila* con máis de 20.000 variedades en todo o mundo.

Mazá doméstica

A maçã é o fruto da maceira, mais particularmente, da maceira doméstica, árvore frutífera amplamente cultivada. O estudo do cultivo das maçãs constitui uma parte da pomologia (a pomologia engloba todos os frutos com pedicéis). A maçã é comestível e tem um sabor doce e ácido segundo as variedades.

Mazá silvestre

A mazá silvestre (maceira brava; *Malus sylvestris*) é máis pequena cá cultivada e frutifica e madurece máis tarde, o seu sabor é lixeiramente máis acedo. Consumida en cantidade pode provocar indigestión polo que é máis habitual o seu consumo en forma de compota ou asada, consérvase durante meses nun lugar fresco e seco.

4.3. Xerar exercicios

Xerar exercicios




Este menú permite acceder as funcionalidades necesarias para xerar, modificar ou eliminar 19 tipos de exercicios. Os exercicios consisten nunha práctica que serve para adquirir uns coñecementos ou desenvolver unha habilidade por parte dos estudantes aos que van dirixidos.

Os exercicios deben estar dotados de dinamismo para que os estudantes poñan neles toda a súa atención e a aprendizaxe resulte un éxito. Sempre deben terse en conta as mesmas pautas: as presentacións deben ser atractivas, amenas, informativas e sobre todo dinámicas; á vez o seu uso debe ser sinxelo e por tanto de fácil comprensión.

Entre as 19 posibles opcións de exercicios podemos realizar unha clasificación inicial:

- **Exercicios avaliábeis:** actividades simples que permiten obter unha puntuación que valora o grado de coñecementos adquiridos.
- **Contidos interactivos:** Mediante diversos elementos, permítese a interacción do estudante cos contidos de maneira diferente. É un modo de presentación que poderá conter imaxes, texto, son e outros exercicios avaliábeis, seguindo un patrón orixinal e creativo. Os exercicios interactivos baséanse no diálogo entre estudante e contido, onde deseño e presentación son factores clave para captar a súa atención, xa que o seu éxito depende de que o estudante consiga relacionarse totalmente coa presentación.



Para crear un novo exercicio, o usuario sigue os seguintes pasos:

1. Premer o botón **Engadir exercicio** que atopa na pantalla de acceso a Xeración de exercicios desde o menú “**Ferramenta Autor > Exercicios**”.

▼ Filtros

Ambito ?

Os meus exercicios

▼

ID ?

Título ?

Tipo ?

▼

Idioma ?

▼

Etiquetas

Introduza a etiqueta...

Filtrar

Quitar filtros

► Exercicios creados

Engadir Exercicio

Importar exercicios Demo

2. A continuación, a pantalla carga o formulario de “**Datos exercicio**” cos campos básicos para rexistrar un novo exercicio.

Os meus exercicios ▶ Engadir Exercicio

▼ Datos Exercicios

Título* ?

Enunciado* ?

Etiquetas
(Xestionar etiquetas oficiais)

Tipo

▼ Creado / Último gardado

Creado por desconocido en desconocido

Modificado por desconocido en desconocido

Gardar Modificacións

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con *

3. O usuario ten que seleccionar o “**Tipo**” entre as opcións propostas.

Tipo

A continuación, deberá cubrir a información requirida para cada tipo de exercicio según os tipos de exercicios dipoñibles.

Tipo



Afirmación
clave



Arrastrar
palabras



Arrastrar
zonas



Audio



Completar



Contenido
externo



Cuestionario



Imagen
interactiva



Línea
temporal



Marcar
palabras



Memoria
con parejas



Opción
múltiple



Opción
única



Panel
gamificado



Presentación



Selección
de imágenes



Tarjetas
con imágenes



Vídeo
interactivo



Xirar
tarjetas




4.4. Xerar proxectos

Xerar proxectos



Este menú permite acceder as funcionalidades necesarias para xerar proxectos. Os proxectos son as unidades didácticas complementarias que se poden crear desde a Ferramenta de Autor, conformando o material de interacción co estudante e co resto da comunidade.

Os proxectos poden configurarse apoiándose nos exercicios (avaliables e non avaliados) e contidos estáticos que xa están creados na Ferramenta de Autor e poden enriquecerse utilizando a maiores parágrafos de texto, vídeos, imaxes ou a combinación de varios de estes elementos, a través do editor avanzado.



A plataforma carga a pantalla inicial desde a que se pode acceder as seguintes funcionalidades:

- **Engadir novos proxectos.** (ver Xerar proxectos)
- **Consultar** os proxectos que o usuario ten xerados.

Proxectos

▼ Filtros

Ambito ?

Os meus proxectos

ID ?

Título ?

Materia ?

Curso ?

Idioma ?

Etiquetas

Introduza a etiqueta...

Filtrar

Quitar filtros

► Proxectos creados

Engadir proxecto

Importar proxectos Demo

Importar proxectos "demo"

Para obter os proxectos dispoñibles de exemplo, pódense descargar, se se fai clic no botón **Importar proxectos Demo**. Únicamente se poden importar os proxectos "demo" unha vez. Os proxectos importados aparecerán nunha listaxe.

Xerar proxectos

Para crear un novo proxecto, o usuario sigue os seguintes pasos:

1. Premer o botón **Engadir proxecto** que atopa na pantalla de acceso a Xeración de proxectos desde o menú **“Ferramenta Autor > Proxectos”**.

Proxectos

▼ Filtros

Ambito ?

Os meus proxectos

ID ?

Título ?

Materia ?

Curso ?

Idioma ?

Etiquetas

Introduza a etiqueta...

Filtrar

Quitar filtros

► Proxectos creados

Engadir proxecto

Importar proxectos Demo

2. A continuación, a pantalla carga o formulario de “Datos xerais” cos campos necesarios para rexistrar un novo proxecto:

- **Título Proxecto:** Denominación ou temática sobre a que tratará o proxecto. **Exemplo:** “*O mundo das froitas*”
- **Descrición:** Breve resumo explicativo sobre o contido ou obxectivos do proxecto. **Exemplo:** “*As laranxas como froita saudable nunha alimentación equilibrada*”.
- **Etiquetas:** palabras relacionadas co contido creado que poderán ser utilizadas como filtros para a súa localización e clasificación. **Exemplo:** *froita, laranxa, mazá*

▼ Datos Xerais

Título Proxecto* ?

Descrición ?

Párrafo **B** **I** **☰** **☷** **🔗** **🔄** **🖼️** **📄**

As froitas son os froitos comestíbeis das árbores froiteiras e outras plantas. Na lingua coloquial e en cociña, cando se fala da froita en termos xenéricos, a palabra refírese normalmente a aquelas vexetais cuxos froitos son carnosos e doces, ricos en azucres e vitaminas e frecuentemente consumidos crus como sobremesa, como por exemplo, as ameixas, mazás, laranxas e un longo etcétera.

Ruta p

Etiquetas
(Xestionar etiquetas oficiais)

3. A continuación indicárase o curso co que se relaciona o proxecto, cunha ou varias materias dese curso, nas cales se considera que pode ser utilizado. Pode engadir máis dunha materia dun mesmo curso e distintos cursos.

Curso

- + 5º de Primaria
- + 6º de Primaria
- + 1º de ESO
- + 2º de ESO

Curso ^	Materia ^
Registros non atopados	

Para poder ver as materias dun curso faise clic na icona co “+”, así aparecen as materias dese curso inmediatamente debaixo e para engadir unha materia facemos clic na icona “+”.

Curso - 5° de Primaria

Ciencias da Natureza	+
Ciencias Sociais	+
Educación Artística. Música	+
Educación Artística. Plástica	+
Educación Física	+
Inglés	+
Lengua Castelá e Literatura	+
Lingua Galega e Literatura	+
Matemáticas	+
Relixión	+
Valores Sociais e Cívicos	+

+ 6° de Primaria

+ 1° de ESO

+ 2° de ESO

4. Os cursos e materias seleccionadas aparecerán na listaxe inferior, podendo eliminar unha materia dun curso en calquera momento, facendo clic na icona indicada.

Curso 	Materia 	
5° de Primaria	Ciencias da Natureza	✕

5. Complétanse os campos sobre o proxecto no formulario:

- **Idioma:** Idioma no que se realiza o proxecto. **Exemplo:** *Galego*
- **Tipo previsualización:** Forma na que se visualizará o proxecto (top/down).
- **Imaxe proxecto:** Imaxe que se utilizará como cabeceira na previsualización do proxecto. Pode **arrastrar** unha imaxe ou ben facer clic no botón **Escolle un ficheiro**.
- **Plantillas:** Dependendo da plantilla que escollamos aplicará distintos estilos de cores na previsualización do proxecto. **Exemplo:** *cerulean*.

Idioma ? Gallego ▼

Tipo previsualización ? Top/Down ▼

Imaxe proxecto ? [Escolle un ficheiro...](#)

laranxas.jpg

Plantillas

- Cerulean
- Cosmo
- Cyberg

Emphasis classes

Fusce dapibus, tellus ac cursus commodo, tortor mauris nibh.

Nullam id dolor id nibh ultricies vehicula ut id elit.

Etiam porta sem malesuada magna mollis euismod.

Donec ullamcorper nulla non metus auctor fringilla.

Duis mollis, est non commodo luctus, nisi erat porttitor ligula.

Maecenas sed diam eget risus varius blandit sit amet non magna.

6. No despregable **información complementaria**, o profesor pode engadir información relativa ó proxecto como condicións de uso, bibliografía e enlaces.

▼ Información Complementaria

Condições de uso ?

[Párrafo](#) ▼ **B** *I* [Listado](#) [Listado](#) [Enlace](#) [Enlace](#) [Enlace](#) [Imaxe](#) [Imaxe](#)

Ruta: p

Bibliografía ?

[Párrafo](#) ▼ **B** *I* [Listado](#) [Listado](#) [Enlace](#) [Enlace](#) [Enlace](#) [Imaxe](#) [Imaxe](#)

Ruta: p

Descripción enlace ?

Ruta Uri ?

[Engadir Enlace](#)

Uri	Descripción ▲
Registros non atopados	

7. No caso de que se obtenha un proxecto do repositorio, pódese consultar as modificacións sobre créditos, no historial de créditos, que indicaron o resto de autores

do proxecto. Cando se crea, ou se modifica, un proxecto propio, ou obtido do repositorio, pódese indicar o texto do crédito do proxecto.

▼ Créditos

Créditos

Proyecto continuado por o 20-12-2016

Ruta: p

Historial de créditos

Proyecto continuado por	el 15-12-2016
Proyecto continuado por Profesor,	el 20-12-2016

8. Unha vez cubertos os campos (como mínimo, os marcados como obrigatorios cun asterisco), o usuario fai clic no botón Gardar modificacións para crear o proxecto.

Despois de ter creado o proxecto, o usuario pode realizar as seguintes accións a través dos botóns activados na parte superior do proxecto creado:

Proyectos ▶ Editar proxecto ▶ O mundo das froitas

Expandir todos

Opcións... SCORM... Páxinas do proxecto

▼ Datos Xerais

Título Proxecto* ? O mundo das froitas


Descrición ?

As laranxas como froita saudable nunha alimentaci...

- Engadir proxecto
- Eliminar
- Previsualizar
- Duplicar proxecto
- Crear copia de seguridade
- Exportar a ficheiro
- Importar dende un ficheiro
- Administrar colaboradores
- Enviar ao repositorio

- **Engadir proxecto:** permite crear un novo proxecto de cero.
- **Páxinas do proxecto:** permite acceder a pantalla na que crear as distintas páxinas que formarán parte do proxecto no que se atopa.
- **Previsualizar:** permite ter unha vista previa do proxecto no que se atopa. Permitirase a previsualización, sempre que se teña como mínimo unha páxina xerada.
- **Descargar e Publicar SCORM:** (ver Xerar [SCORM](#)).
- **Exportar a ficheiro:** permite crear unha copia de seguridade do proxecto en formato .zip e descargalo no computador persoal, no canto de ter a copia de seguridade na plataforma.
- **Importar dende un ficheiro:** permite importar un proxecto desde un arquivo .zip previamente gardado no computador.
- **Eliminar:** borra o proxecto no que se atopa e todas as páxinas asociadas.

- **Duplicar proxecto:** Crea unha copia do proxecto concreto que pode ser utilizado como unha plantilla para comenazar a definición de outro proxecto.
- **Crear copia de seguridade:** Almacena unha copia de seguridade do proxecto tal e como se atopa o proxecto en ese momento. Esta copia pode ser restaurada cando se desexe sobre escribindo o proxecto ou restaurando se este foi eliminado da sección de proxectos.
- **Administrar colaboradores:** permite engadir colaboradores ó proxecto, isto fará que os usuarios que engadamos como colaboradores poidan editar o noso proxecto. A estes usuarios apareceralle na súa area de proxectos nos que colaboro este proxecto.
- **Enviar ó repositorio:** permite enviar un proxecto ó repositorio. Este proxecto estará dispoñible para que calquera profesor da plataforma poida obter unha copia do mesmo.




- **Descargar Scorm:** Descarga ó equipo un [scorm](#) do proxecto.
- **Publicar Scorm:** permite publicar un [scorm](#) en un curso no que esteamos matriculados.

Xerar páxinas do proxecto

Para que serve: Os proxectos están formados por unha ou varias páxinas. Unha páxina é unha división que se fai nun proxecto para facilitar a lectura, a orde e integración dos contidos e exercicios que se pretender expoñer ao estudante. As páxinas poden crearse utilizando texto, imaxes, vídeos e a combinación de contidos estáticos e exercicios xa creados.

Para crear unha páxina, o usuario sigue os seguintes pasos:

1. Premer o botón **Páxinas do proxecto** que atopara na pantalla de “Datos Xerais” dun proxecto concreto.



2. A continuación, a pantalla carga as “Páxinas do proxecto” na que o usuario poderá realizar as seguintes accións:

- **Consultar** o listado de páxinas que pertencen ao proxecto.

- **Engadir** unha nova páxina.

3. Para engadir unha nova páxina o usuario fai clic no botón Engadir Páxina.

Engadir Páxina

4. A continuación, a pantalla mostra o listado de páxinas coa **Nova Páxina** e a “**Edición da páxina**” (Título e Editor avanzado).

▼ Páxinas do proxecto

Páxina	Título	Data modificación				
335	Nova Páxina	25-09-2015 10:57:22				

1-1 de 1 rexistros (p. 1/1)

Engadir Páxina

▼ Edición de páxina

Título páxina Nova Páxina

Filtrar: -12 -6-6 -4-4-4

Introduza a etiqueta

Introduza palabras para buscar

O procedemento a seguir a partir deste punto é similar ao descrito no apartado "**Xerar contidos estáticos**" deste mesmo tema.

4.5. Copias de seguridade

Copias de seguridade



Pódense crear copias de seguridade tanto de proxectos como de contidos e exercicios. No momento no que creamos a copia de seguridade créase unha copia exacta de como está o proxecto, contido ou exercicio nese momento. Poderemos restaurar a copia cando o desexemos. Este proceso restablecerá o proxecto, o contido ou o exercicio a como se atopaba no momento de facer a copia sobrescribindo o actual.

Realizar unha copia de seguridade

No seguinte **exemplo** imos realizar a **copia de seguridade dun proxecto**.

Este proceso é exactamente o mesmo para os contidos e exercicios. Para acceder á copia de seguridade temos que entrar na edición dun proxecto, para isto imos á listaxe de proxectos e pulsamos sobre a icona de editar o proxecto (lápiz) do cal queremos facer a copia de seguridade.

▼ **Proxectos creados**


Id	Título ▲	Descrición	Idioma ▲	Data modificación				
4	(Duplicado) Nuestra casa - Colaborativo	Este es un proyecto de demostración	Español	11-12-2015 14:38:07				
2	Nuestra casa - Colaborativo	Este es un proyecto de demostración	Español	09-12-2015 13:57:53				

1 10 1-2 de 2 rexistros (p. 1/1)


[Engadir proxecto](#)

[Importar proxectos Demo](#)

Dentro do proxecto imos ó menú de opcións e facemos clic na opción “crear copia de seguridade”.




Isto ábrenos unha nova xanela onde nos pregunta se queremos facer a copia de seguridade. Facemos clic no botón Gardar modificacións.



Restaurar unha copia de seguridade

Para acceder ás copias de seguridade que temos creadas imos ó menú **Ferramenta autor** → **Copias se seguridade** → **Proxectos**. En **Ferramenta autor** → **Copias se seguridade** tamén temos as copias de seguridade de contidos e exercicios.



Isto lévanos a unha listaxe onde se ven todas as copias de seguridade que temos creadas.

Listado de copias de seguridade				
▼ Copias de seguridade de proxectos				
Id	Título ▲	Data ▼		
4	(Duplicado) Nuestra casa - Colaborativo	14 12 2015 11:19:00		
1 10 1-1 de 1 rexistros (p. 1/1)				

Aquí podemos ver dúas opcións:

-  **Restaurar copia de seguridade:** Restaura a copia de seguridade seleccionada.
-  **Eliminar:** Borra a copia de seguridade seleccionada.

Para restaurar unha copia de seguridade facemos clic no botón **Restaurar copia de**

seguridade . Isto lévanos a unha xanela onde nos pregunta se estamos seguros que desexamos restablecer a copia de seguridade. Se o proxecto ten exercicios asociados tamén temos a opción de restauralos. Se os exercicios foron modificado posteriormente á copia de seguridade e dicímoslle que tamén queremos restaurar os exercicios asociados ao proxecto, sobrescribiranse os exercicios e restableceraos ao estado no momento da copia.

Restaurar copia de seguridade

Vaise substituír o proxecto actual pola copia de seguridade seleccionada. Esta acción non se pode desfacer. ¿ Está seguro que desexa continuar?

Atención!! Existen exercicios asociados a este proxecto. ¿ Desexa restaurar os exercicios ó estado no que se atopaban no momento da copia de seguridade?. Esta acción non se pode desfacer

☐ Si ☒ Non

Gardar modificaciónsCancelar

Unha vez restaurado o proxecto, lévanos á edición do propio proxecto restaurado.

Proxectos ▶ Editar proxecto ▶ (Duplicado) Nuestra casa - Colaborativo

▶ Expandir todas

Opcións

Scorm

Pádnas do proxecto

▼ Datos Xerais

Título Proxecto

(Duplicado) Nuestra casa - Co

Descrición

Parágrafo B I

Este es un proyecto de demostración

4.6. O entorno colaborativo

O entorno colaborativo



Administrar colaboradores do proxecto

Podemos engadir colaboradores a un proxecto, un contido ou un exercicio. O noso colaboradores poderán editar o proxecto, contido ou exercicio coma se fosen os propietarios do mesmo. A continuación imos mostrar como se engaden colaboradores a un proxecto, o proceso é exactamente o mesmo para os contidos e exercicios.

Desde a listaxe de proxectos imos ao proxecto que queremos converter en colaborativo e pulsamos sobre a icona **editar** (lápiz).

▼ Proyectos creados

Id	Título ↕	Descripción	Idioma ↕	Data modificación				
4	(Duplicado) Nuestra casa - Colaborativo	Este es un proyecto de demostración	Español	11-12-2015 14:38:07				
2	Nuestra casa - Colaborativo	Este es un proyecto de demostración	Español	09-12-2015 13:57:53				

1 10 1-2 de 2 rexistros (p. 1/1)

Engadir proxecto

Importar proxectos Demo

